

Á MESA DA COMISIÓN 2.^a

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **44217**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa definición do trazado do treito A Ermida-Pilarteiros da autovía A-57 e coa tramitación do expediente para a execución do proxecto, incluída na orde da sesión que esta Comisión vai celebrar o 21 de febreiro de 2019. (10/PNC-003541).

Emenda de Modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

O Parlamento galego insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- 1- Instar ao Goberno do Estado a eliminar da “ley de carreteras del Estado” o proxecto da A-57, Autovía do Atlántico que percorre de Norte a Sur o eixo atlántico galego.
- 2-Instar ao Goberno do Estado a paralizar as obras e actuacións deste vial que xa están en marcha.
- 3-Realizar un estudo sobre os custos da recuperación para o público da AP9.





4-Instar ao Goberno do Estado a que invista na recuperación da AP9 os orzamentos que irían destinados á construción da A-57.

5-Elaborar un estudo dos tramos da AP9 que precisarían dunha vía alternativa de alta capacidade unha vez liberada das peaxes abusivas, vendo que tramos da A-57 se poderían ter en conta, e sempre atendendo ás demandas da veciñanza afectada.

6-Crear a Mesa do Transporte Galego, con todos os axentes máis directamente implicados, concellos, deputacións, anpas, traballadoras e empresas.

7-Incrementar significativamente os orzamentos previstos para o novo plan de transportes de Galicia, co obxectivo de dinamizar esta forma de mobilidade.

8.- Facer un estudo sobre a implantación de servizo ferroviario de cercanías para Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Marcos Cal Ogando na data 20/02/2019 12:54:03

Antón Sánchez García na data 20/02/2019 12:54:14



Á Mesa da Comisión 2ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de seguridade viaria (doc. núm. 43358).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa os puntos 1 e 2 débense substituír polo seguinte texto:

“1. Redactar, unha vez rematada a vixencia do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, un novo plan sobre a base do ditame que elabore a Comisión Especial non Permanente de Estudo Sobre a Seguridade Viaria de Galicia, constituída nesta lexislatura o día 29 de novembro de 2016.”

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/02/2019 17:16:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/02/2019 17:16:44



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-003390 (41604)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Licitat e executar as obras do novo emisario submarino e as obras para a mellora da actual EDAR dos Praceres.
- 2.- Requirir aos concellos de Pontevedra, Marín e Poio a subsanación das deficiencias das súas redes de sumidoiros que repercuten negativamente na eficiencia da depuradora dos Praceres como pode ser o introducir cargas de auga de mar.
- 3.- Requirir ao Concello de Poio para que faga unha proposta de ubicación ao Goberno central, no seu termo municipal, para a construción da EDAR de Raxó e Samieira, que evite que augas residuais do Concello de Poio se sigan vertendo sen depurar na Ría de Pontevedra, instándoo así mesmo a negociar co Goberno central a licitación e construción da devandita depuradora no prazo máis breve posible
- 4.- Sobre a base dos plantexamentos dos técnicos, abordar a necesidade da ampliación da depuradora dos Praceres, mantendo canles de diálogo coas





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 20/02/2019 18:07:49
Nº Rexistro: 46594
Data envío: 20/02/2019 18:07:49.836

administracións e axentes implicados, de cara a minimizar os posibles impactos ambientais e sociais, e tendo en conta o risco que podería supoñer non ampliar a depuradora actual sobre a cualificación marisqueira da ría, así como sobre o expediente sancionador aberto pola Unión Europea”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/02/2019 18:02:32

Jacobo Moreira Ferro na data 20/02/2019 18:03:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: WS5Mk0Pve0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

